

**ACTA NÚMERO: 12/2024**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2024.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 18 de abril de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidenta:** D María Isabel Couselo Torres, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG
- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da actas das reunións anteriores correspondentes aos días, 4 de abril de 2024 (Reunión 10/2024) e 11 de abril de 2024 (Reunión 11/2024).
2. Aprobación das valoracións técnicas, correspondente cos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sostenibilidade turística en destino". (Expte.- 2023070903).
3. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliábeis mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sostenibilidade turística en destino". (Expte.- 2023070903).
4. Aprobación das valoracións técnicas correspondente cos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.- 2024008463).
5. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliábeis mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto "Da túa man" (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.- 2024008463).

Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, participa na reunión a través de videoconferencia e tanto a Presidenta como os demais vogais citados asisten de forma presencial.

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, e D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da actas das reunións anteriores correspondentes aos días, 4 de abril de 2024 (Reunión 10/2024) e 11 de abril de 2024 (Reunión 11/2024).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 4 de abril de 2024 (Reunión 10/2024) e 11 de abril de 2024 (Reunión 11/2024).

**2. Aprobación das valoracións técnicas, correspondente cos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sostenibilidade turística en destino". (Expte.- 2023070903).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con número 2024001465, do día 21/02/2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sostenibilidade turística en destino. O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21/02/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación na reunión do día 21 de marzo de 2024 procedeu a apertura dos sobres "A", correspondente a documentación administrativa e documentación avaliábeis mediante xuízos de valor.

A única empresa presentada e admitida foi a seguinte:

Kultura, Ideas y Estrategias para el Patrimonio S.L. (CIF B-36.124.523) .

A Mesa de Contratación na reunión do día 21-03-2024 acordou remitir a documentación administrativa da citada empresa ó servizo de Turismo Rías Baixas para á súa valoración.

Os técnicos do Servizo de Turismo, emitiron informe relativo á valoración da documentación técnica presentada pola empresa, Kultura, Ideas y Estrategias para el Patrimonio S.L. con CSV (BFEHL1BW3R3GY8Z2) sendo o resultado o seguinte:



| Empresa Licitadora                                    | 1.- Proposta de proxectos (Máx 14 puntos) | 2.- Seguemento e xestión do proxecto para a fase de redacción de proxecto (Máx 6 puntos) | 3.- Seguemento e xestión de proxecto para a fase de dirección de proxecto (Max 5 puntos) | Total (Máx 25 puntos) |
|---|---|--|--|-----------------------|
| KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. | 10.5                                      | 6  | 5  | <b>21.5</b>           |

Na cláusula 9.1 do PCAP establécese que para continuar no proceso selectivo as empresas licitadoras deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre A), polo que a empresa licitadora acadará a puntuación mínima esixida.

A Mesa de Contratación en base ó informe emitido pola Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas de data 10 de abril de 2024, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas pola empresa Kultura, Ideas y Estrategias para el Patrimonio S.L. (CIF B-36.124.523), no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sustentabilidade turística en destino.

**3. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliada mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sustentabilidade turística en destino”. (Expte.- 2023070903).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa presentada e admitida ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sustentabilidade turística en destino” que é a seguinte:

| Empresa Licitadora                                    | TOTAL SOBRE “A” |
|---|-----------------|
| KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. | 21.5            |

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada pola empresa KULTURA, IDEAS Y



ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. no sobre “B” correspondente aos criterios de valoración automática.

Os valores ofertados pola empresa KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. foron os seguintes:

1.- Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 36.067,50 €

IVE (21 %): 7.574,18 €

Importe total ofertado: 43.641,68 € €

2.- Experiencia do xefe de proxecto, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos.

| Criterio   | Valor ofertado |
|--|----------------|
| <i>Nº de traballos que o xefe de proxecto da fase de redacción de proxecto acredite ter dirixido iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública e/o entidades privadas, superior ao mínimo esixido (2 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).</i> | 4              |

3.- Experiencia do museógrafo, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos.

| Criterio   | Valor ofertado |
|--|----------------|
| <i>Nº de traballos que o museógrafo acredite como responsable do asesoramento na redefinición de experiencias museográficas, de traballos de iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública e/o entidades privadas, superior ao mínimo esixido (2 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).</i> | 4              |

4.- Experiencia do Diseñador, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos.

| Criterio   | Valor ofertado |
|--|----------------|
| <i>Nº de traballos que o deseñador proposto acredite na realización plantificación e creación do concepto visual e a estética xeral dos recursos audiovisuais, de traballos de iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública e/o entidades privadas, superior ao mínimo esixido (2 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).</i> | 4              |

5.- Experiencia do Restaurador, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos.



| Criterio  | Valor ofertado |
|---|----------------|
| <i>Nº de traballos que o restaurador proposto acredite como responsable do asesoramento das actuacións de redefinición de experiencias museográficas, de traballos de iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública e/o entidades privadas, superior ao mínimo esixido (2 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).</i> | 3              |

6.- Experiencia do xefe de proxecto, da fase de Dirección de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos.

| Criterio   | Valor ofertado |
|--|----------------|
| <i>Nº de traballos que o xefe de proxecto, da fase de Dirección de proxecto, proposto pola entidade adjudicataria, acredite ter dirixido iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública e/o entidades privadas, superior ao mínimo esixido (2 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).</i> | 4              |

7.- Experiencia adicional do museógrafo da fase de redacción do proxecto sobre museografía física e virtual da Idade Media en Galicia.

| Criterio  | Valor ofertado |
|---|----------------|
| <i>Nº de proxectos cos que o museógrafo da fase de redacción do proxecto conte sobre museografía física e virtual da Idade Media en Galicia</i> | 3              |

8.- Experiencia adicional do restaurador da fase de redacción do proxecto sobre museografía física e virtual da Idade Media en Galicia.

| Criterio   | Valor ofertado |
|--|----------------|
| <i>Nº de proxectos cos que o restaurador da fase de redacción do proxecto conte sobre museografía física e virtual da Idade Media en Galicia</i> | 3              |

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios automáticos de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas sendo as seguintes:

Empresa: KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L.

| Criterios  | Puntuación |
|--|------------|
| 1.- Prezo (Máx 42 pts)   | 21,008     |
| 2.- Experiencia do xefe de proxecto, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos. (Máx 6 pts) | 6,00       |
| 3.- Experiencia do museógrafo, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos (Máx 5 pts)        | 5,00       |



|  |        |
|--|--------|
| 4.- Experiencia do Deseñador, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos. (Máx 4 ptos)                               | 4,00   |
| 5.- Experiencia do Restaurador, da fase de redacción de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos. (Máx 4 ptos)                             | 3,00   |
| 6.- Experiencia do xefe de proxecto, da fase de Dirección de proxecto, superior á mínima establecida nos pregos. (Máx 6 ptos)                        | 6,00   |
| 7.- Experiencia adicional do museógrafo da fase de redacción do proxecto sobre museografía física e virtual da Edade Media en Galicia. (Máx 4 ptos)  | 3,00   |
| 8. -Experiencia adicional do restaurador da fase de redacción do proxecto sobre museografía física e virtual da Edade Media en Galicia. (Máx 4 ptos) | 3,00   |
| Total puntuación sobre B (Criterio automático)   | 51,008 |

A Mesa acorda:

1.- Aprobar a clasificación da oferta presentada ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección do proxecto de museografía dixital nos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro no marco do PRTR compoñente 14.- Plan de sostenibilidade turística en destino, que queda da seguinte forma:

| POSICIÓN | LICITADOR   | SOBRE "A" | SOBRE "B" | PUNTUACIÓN TOTAL |
|----------|---|-----------|-----------|------------------|
| 1ª       | KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. | 21,50     | 51,008    | 72,008           |

2.- Propor ó órgano de contratación, neste caso a Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato a empresa KULTURA, IDEAS Y ESTRATEGIAS PARA EL PATRIMONIO, S.L. que acada a mellor puntuación, de acordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado de corenta e tres mil seiscentos corenta e un euros con sesenta e oito céntimos (43.641,68 €) iva incluído, de acordo co seguinte detalle:

|                         |             |
|-------------------------|-------------|
| Importe sen o IVE:      | 36.067,50 € |
| IVE (21 %):             | 7.574,18 €  |
| Importe total ofertado: | 43.641,68 € |





A Mesa de Contratación compraba que a empresa Kultura, Ideas y Estrategias para el Patrimonio S.L. (CIF B-36.124.523) figura inscrita no ROLECE.

3.-Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Kultura, Ideas y Estrategias para el Patrimonio S.L. (CIF B-36.124.523) , mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío aporte a documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 1.803,37 €.

**4. *Aprobación das valoracións técnicas correspondente cos criterios avaliábles mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.- 2024008463).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial 2024002380 de data 21 de marzo de 2024 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 25/03/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación na reunión do día 11/04/2024 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo a única empresaria admitida a seguinte:

- RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)

A Mesa de Contratación na reunión do día 11/04/2024 tamén procedeu á apertura da documentación con criterios avaliábles mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Promoción de Emprego, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



O Xefe do Servizo de Promoción de Emprego, e a Técnica do Servizo de Medio Ambiente María del Carmen Martínez Abrales, emitiron informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores con (CSV: L1AQ5BTBULFY105N), sendo as puntuacións obtidas pola empresaria RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) a seguinte:

| Criterios de valoración mediante xuízo de valor   | Puntos RAQUEL GARCÍA |
|---|----------------------|
| 1. Concreción e calidade técnica, ata un máximo de 19 puntos.<br><u>Este criterio avaliarase de conformidade cos seguintes apartados:</u> | 13                   |
| 1.1 Descrición pormenorizada do subministro, ata un máximo de 4 puntos.   | 2                    |
| 1.2 Calidade e espesor do material utilizado, ata un máximo de 4 puntos.  | 3                    |
| 1.3 Robustez do conxunto, ata un máximo de 4 puntos.  | 3                    |
| 1.4 Deseño da boca de aportación e sistemas anti-hurto, ata un máximo de 4 puntos   | 3                    |
| 1.5 Deseño e acabados, ata un máximo de 3 puntos.   | 2                    |
| 2. Aspectos ambientais dos dispositivos, ata un máximo de 6 puntos.   | 0                    |
| 3. Imaxe e estética global dos dispositivos, ata un máximo de 5 puntos.   | 4                    |
| Puntuación total  | 17                   |

A Mesa de Contratación, en base ao citado informe , acorda:

1.- Prestar conformidade as citadas puntuacións.

2.- Que se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada pola empresa RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (15,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

**5. Apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto convocado para a subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II) presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU (Expte.- 2024008463).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ao procedemento aberto para a contratación da “Subministración de dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (Rural II)





presentado á convocatoria de axudas 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” e que son as seguintes:

| EMPRESAS   | PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B |
|--|--------------------------|
| RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G) (Lote 2) | 17                       |

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “C” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (15 puntos).

O valores ofertados foron os seguintes:

**RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: 44076905G)**

1. Prezo unitario ofertado por dispositivo:

|                         |            |
|-------------------------|------------|
| Importe sen o IVE:      | 3.850,00 € |
| IVE (21 %):             | 805,14 €   |
| Importe total ofertado: | 4.693,14 € |

2. Número de garantía a maiores do mínimo esixido (36 meses): 24 meses

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e oito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

